

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Cultura

Anuncio aprobación definitiva do expediente de modificación do anexo de subvencións

ANUNCIO

Aprobación definitiva do expediente de modificación do anexo de subvencións

O Pleno do Concello de Ferrol, en sesión realizada o día 8 de agosto de 2017, aprobou inicialmente o expediente de modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento xeral do Concello de Ferrol de 2015, prorrogado para 2017, do negociado de Cultura.

Este acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de data 25 de agosto de 2017 e no Taboleiro de Edictos do Concello de Ferrol para os efectos de interposición de reclamacións ou alegacións.

Transcorrido o prazo de exposición pública do expediente sen que conste expresamente que se presentasen alegacións, segundo se indica no correspondente certificado do secretario xeral, queda elevado a definitivo e, de conformidade co establecido no artigo 169.1 do RDL 2/2004, procédese á publicación do mesmo; quedando o anexo de subvencións nominativas das subvencións afectadas pola presenta modificación do seguinte xeito:

ENTIDADE	OBXECTO	IMPORTE	Aplicación orzamenaria
Toxos e Froles	Xornadas de Cultura Aberta	13.000 euros	05101-3301-48000
As Meninas de Canido	Festival das Artes Meninas	10.000 euros	05101-3301-48000
Ateneo Ferrolán	Mantemento e apertura de biblioteca da Entidade. Mantemento e apertura do centro cultural para desenvolvemento de actividades culturais	15.000 euros	05101-3301-48000

Contra a aprobación definitiva do expediente poderase interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, ao abeiro do establecido no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado no RDL 2/2004, de 5 de marzo, ue se deberá presentar diante da sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir da data na que se produza a aprobación definitiva, expresa ou tácita.

Ferrol, 21 de setembro de 2017

O concelleiro delegado de Cultura

Jesús Basterrechea López

2017/8065